



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

Secretaría Xeral de Política Lingüística

Rúa S. Roque, 2
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 881 996302
www.. lingua.gal

galicia

RESOLUCIÓN DEFINITIVA DA SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA
POLA QUE SE APROBAN AS LISTAXES DE PERSOAS SELECCIONADAS, EN AGARDA
E EXCLUÍDAS NOS CURSOS DE LINGUA GALEGA PREPARATORIOS DAS PROBAS
PARA OBTEN OS CERTIFICADOS DE LINGUA GALEGA, CELGA1, CELGA 2, CELGA 3
E CELGA 4.

No *Diario Oficial de Galicia* do 3 de febreiro de 2021 publicouse a Resolución do 18 de xaneiro de 2021, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se anuncia, con carácter voluntario e gratuito, a convocatoria de cursos de lingua galega preparatorios das probas para obter os certificados de lingua galega Celga 1, Celga 2, Celga 3 e Celga 4.

No apartado sexto da antedita Resolución indícase que, transcorrido o prazo de alegacións, a Secretaría Xeral de Política Lingüística publicará na súa páxina web (<http://lingua.gal>) a listaxe definitiva de persoas admitidas nos cursos.

Transcorrido o prazo sinalado para posibles alegacións contra a resolución provisional,

RESOLVO:

Aprobar as listaxes definitivas das persoas seleccionadas para participar en cada curso, as listaxes de agarda e as listaxes de persoas excluídas.

Ordenar a súa publicación na web www.lingua.gal

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2021

O secretario xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez

